

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 03-09 Páx. 1 de 4	RISCOS DOS PRODUTOS QUÍMICOS

CONCEPTOS

Que é o risco químico?

É aquel susceptible de ser producido por unha exposición non controlada a axentes químicos. Entendemos por axente químico: calquera substancia que poida afectarnos directa ou indirectamente (aínda que non esteamos efectuando nós mesmos as tarefas).

Unha substancia química pode afectarnos a través de tres vías: respiratoria (é a máis común), ingestión e dérmica.

Os fabricantes ou distribuidores de produtos químicos perigosos deben subministrar ao usuario profesional información sobre os riscos que xeran os produtos. Esta información provén de:

- A etiquetaxe obrigatoria dos envases de produtos químicos que incluírá información sobre os riscos e as medidas de seguridade básicas que se deben adoptar.
- Ficha de datos de seguridade (FDS) dos produtos químicos que contén unha información extensa agrupada en 16 apartados.


IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS A TRAVÉS DA ETIQUETA



Nota: en determinados casos pode figurar unha sección de información suplementaria: frases EUH e outra información como elementos de etiquetaxe adicionais para biocidas e fitosanitarios autorizados.

Hai que ter en conta toda a información que proporciona a etiqueta

REALIZADO	REVISADO	MODIFICADO
Técnica superior en PRL Monserrat Alonso Fernández Data: 02/02/2009	Servicio de Prevención de Riesgos Laborais Mª José Montero Vilarino Data: 02/02/2009 Carmen Álvarez González	Data: 20/01/2012 2ª edición CARMEN ALVÁREZ GONZÁLEZ



Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 03-09 Páx. 2 de 4	RISCOS DOS PRODUTOS QUÍMICOS

Bomba explotando  GHS01	Chama  GHS02	Chama sobre círculo  GHS03
Bombona de gas  GHS04	Corrosión  GHS05	Caveira e tibias cruzadas  GHS06
Signo de exclamación  GHS07	Perigo para a saúde  GHS08	Medio ambiente  GHS09

Todo recipiente que conteña un produto químico perigoso debe levar, obrigatoriamente, unha etiqueta ben visible no seu envase que conteña:

- a) O nome, a dirección e o número de teléfono do provedor ou provedores;
- b) A cantidade nominal da substancia ou mestura contida no envase a disposición do público en xeral, salvo que esta cantidade xa estea especificada noutro lugar do envase
- c) Os identificadores do produto: detalles que permiten a identificación da substancia e que deben coincidir cos da “ficha de datos de seguridade”.
- d) Cando proceda, os pictogramas de perigo
- e) Cando proceda, as palabras de advertencia
- f) Cando proceda, as indicacións de perigo, frases H (do inglés “Hazard”)
- g) Cando proceda, os consellos de prudencia, frases P (do inglés “Precautionary”)
- h) cando proceda, unha sección de información suplementaria

Estará escrita na lingua ou linguas oficiais do Estado ou Estados membros en que se comercializa a substancia ou mestura. No tocante ao territorio español estará como mínimo en castelán.

REALIZADO	REVISADO	MODIFICADO
Técnica superior en PRL  Monserrat Alonso Fernández Data: 02/02/2009	Servizo de Prevención de Riscos Laborais  M ^a José Montero Vilarino Data: 02/02/2009  Carmen Álvarez González	Data: 20/01/2012 2ª edición  CARMEN ALVAREZ GONZALEZ

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 03-09 Páx. 3 de 4	RISCOS DOS PRODUTOS QUÍMICOS

FICHA DE DATOS DE SEGURIDADE

A ficha de datos de seguridade (FDS) é unha importante fonte de datos complementando a información que contén a etiqueta e constitúe unha ferramenta de traballo moi útil, especialmente no eido da prevención de riscos laborais

Esta ficha debe facilitarse OBRIGATORIAMENTE coa primeira entrega dun produto químico perigoso e contén 16 apartados que inclúen a información dispoñible de acordo coas directrices indicadas na normativa.

1. Identificación do preparado e do responsable da súa comercialización	9. Propiedades físicas e químicas
2. Identificación dos perigos	10. Estabilidade e reactividade
3. Composición/información sobre os compoñentes	11. Informacións toxicolóxicas
4. Primeiros auxilios	12. Informacións ecolóxicas
5. Medidas de loita contra incendios	13. Consideracións sobre a eliminación
6. Medidas que deben tomarse en caso de vertedura accidental	14. Informacións relativas ao transporte
7. Manipulación e almacenamento	15. Informacións regulamentarias
8. Controis de exposición/protección individual	16. Outras informacións

ANEXOS: escenarios de exposición cando proceda

Dende o punto de vista preventivo os obxectivos das FDS son:

- Proporcionar datos que permitan identificar o produto e ao responsable da súa comercialización, así como un número de teléfono onde efectuar consultas de emerxencia.
- Informar sobre os riscos e perigos do produto respecto á inflamabilidade, estabilidade e reactividade, toxicidade, posibles lesións ou danos por inhalación, ingestión ou contacto dérmico, primeiros auxilios e ecotoxicidade.
- Formar ao usuario do produto sobre o comportamento e características do produto, correcta utilización (manipulación, almacenamento, eliminación, etc.), controis de exposición, medios de protección (individual ou colectiva) para utilizaren no caso de que o control non sexa eficaz ou en caso de emerxencia, actuacións que se realizarán en caso de accidentes tales como o uso de extintores adecuados contra incendios, o control e neutralización de derramos, etc.

No caso dos preparados facilitarase a relación de substancias que forman parte da súa composición e que son responsables do seu perigo, incluíndo a gama de concentracións.

REALIZADO	REVISADO	MODIFICADO
Técnica superior en PRL  Monserrat Alonso Fernández Data: 02/02/2009	Servizo de Prevención de Riscos Laborais  M ^a José Montero Vilarinho Data: 02/02/2009	 Data: 20/01/2012 2ª edición  CARMEN ALVAREZ GONZÁLEZ

MEDIDAS PREVENTIVAS XERAIS

- No laboratorio non está permitido fumar, comer nin beber. Non se pode ter comida ou bebida nos frigoríficos do laboratorio.
- Débese ler a etiqueta e consultar a ficha de datos de seguridade dos produtos antes da súa utilización.
- Non se deben utilizar reactivos aos que lles falte a etiqueta
- Hai que etiquetar adecuadamente os frascos e recipientes nos que se trasfegue algún produto ou onde se preparen mesturas, etiquetando o seu contido, a quen pertence e a información sobre o seu perigo.
- Seguir os protocolos e procedementos de traballo establecidos para cada actividade.
- Utilizar sempre vitrinas de gases para aquelas operacións nas que se manipula substancias moi tóxicas, carcinóxicas, teratóxicas, mutáxicas e alérxicas ou para aquelas operacións que xeren vapores ou que inclúan manipulación de substancias volátiles.
- As vitrinas deben ter a guillotina baixada mentres se realizan as reaccións.
- Traballar sempre cos sistemas de extracción e renovación mecánica conectados.
- Utilizar os Equipos de Protección Individual cando se requiran (gafas, pantallas faciais, luvas...).
- Asegurarse da desconexión dos equipos, auga e especialmente gas ao finalizar as actividades.
- Non traballar nunca só no laboratorio ou taller.
- No laboratorio usar bata e no taller roupa de traballo.
- Ter no lugar de traballo a menor cantidade de produtos químicos posible.

NOTA

É recomendable ter todas as fichas de datos de seguridade dos produtos que utilizemos, e estas deben estar a disposición dos/as traballadores/as para poderen consultalas.

INCOMPATIBILIDADES DE ALMACENAMENTO DOS PRODUTOS PERIGOSOS

	+	-	-	-	+
	-	+	-	-	-
	-	-	+	-	+
	-	-	-	+	0
	+	-	+	0	+

+	Pódense almacenar xuntos
0	Almacenaranse xuntos adoptando certas medidas
-	Non deben almacenarse xuntos

REALIZADO	REVISADO	MODIFICADO
Técnica superior en PRL Monserrat Alonso Fernández Data: 02/02/2009	Servizo de Prevención de Riscos Laborais M ^a José Montero Vilarino Carmen Álvarez González Data: 02/02/2009	 Data: 20/01/2012 2ª edición CARMEN ÁLVAREZ GONZÁLEZ